

1) **Subliña as oracións correctas.**

- As funcións vitais de todos os seres vivos son a nutrición, a relación e a reprodución.
- Os seres microscópicos chámanse microorganismos.
- As células animais teñen núcleo, citoplasma, orgánulos, cloroplastos e parede celular.
- Os seres unicelulares agrúpanse en tecidos, órganos, sistemas ou aparatos.
- Os seres vivos clasifícanse en cinco reinos: plantas, animais, fungos, bacterias e virus.

Valor da resposta correcta 11pto. Puntuación obtida

2) **Escribe V se é verdadeiro e F se é falso.**

Na nutrición participan os aparatos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.	V
No proceso dixestivo hai tres fases: dixestión, absorción e saída de refugallos.	V
O intercambio de gases da respiración ten lugar na farinxe.	F
O sangue realiza dous percorridos: a circulación pulmonar e a sistole.	F
O aparato excretor fórmano as glándulas sudoríparas e o sistema urinario.	V

Valor da resposta correcta 11pto. Puntuación obtida

3) **Escribe SI ou NON onde corresponda.**

- NON** Os órganos reprodutores feminino e masculino son os caracteres sexuais secundarios.
- SI** O aparato reprodutor masculino está formado polos testículos, os condutos deferentes, as vesículas seminais, a uretra e o pene.
- NON** O aparato reprodutor feminino está formado polos ovarios, as trompas de Falopio, o útero, a vagina e a uretra.
- SI** Os gametos masculinos son os espermatozoides e teñen cabeza, pescozo e flagelo. Os gametos femininos son os óvulos e teñen forma arredondada.
- NON** Durante a expulsión do bebé prodúcese a implantación da placenta.

Valor da resposta correcta 11pto. Puntuación obtida


4) **Risca as oracións incorrectas.**

- A saúde depende de factores persoais e externos.
- En caso de insolación hai que afrouxar a roupa e aplicar calor.
- As relacións sociais e a hixiene prevúdicen a saúde.
- As drogas, o tabaco e o alcohol son negativos para a saúde.
- Para estar sans debemos ter hábitos saudables e previr accidentes.



Valor da resposta correcta 11pto. Puntuación obtida

5 Observa a reunión familiar e resolve.




a) Indica que reinos están representados na imaxe.

O reino dos animais, o das plantas, o das algas (no acuario) e o dos fungos.

b) Observa a menaxe e explica como se transforma a froita que come en nutrientes. Despois completa o esquema sobre a nutrición das células.

Os alimentos transfórmanse en nutrientes na dixestión. Os dentes trituran os alimentos e a lingua mestúraos coa saliva e fórmase o bolo alimentario. Este descende polo esófago ata o estómago, onde se mestura co zume gástrico e forma o quimo. O quimo pasa ao intestino delgado, onde se mestura coa bile e os zumes pancreáticos e forma o quilo, que é unha mestura de nutrientes e restos de alimentos que non se dixeriron.



c) Observa a muller embarazada de cinco meses. Explica as características do feto nesta etapa.

A muller está no segundo trimestre do embarazo. Nesta fase o feto xa pode oír, chupa o dedo e é capaz de abrir e cerrar os ollos.

d) Quen é responsable da enfermidade que lle comunican ao avó? É infecciosa? Explica por que.

O responsable da enfermidade é un virus. É unha enfermidade infecciosa porque os virus son axentes infecciosos.

Valor da resposta correcta 6 ptos. Puntuación obtida